

Binomio de Newton foi estreada pola compañía galega Teatro de Adro en Noia, o 26 de xaneiro de 2002, permanecendo en xira durante dúas tempadas. Recibiu o premio María Casares 2003 ao Mellor Actor Protagonista na persoa de X. M. Olveira "Pico" e foi nominada para o Premio Max 2003 ao Mellor Texto Orixinal en Galego. Na súa montaxe interviu o seguinte equipo artístico e técnico:

Ernesto	X. A. Porto "Josito"
Amedio	X. M. Olveira "Pico"
Escenografía e vestuario	Carlos Alonso
Espazo sonoro	X. A. Porto "Josito" e Santi Frutos
Deseño de iluminación	Antón Vázquez Ferreiro
Cobertura técnica.....	RTA
Axudante de dirección	Ricardo de Barreiro
Produtora executiva	Elena Benito
Dirección	Cándido Pazó

Espectáculo producido en convenio co I.G.A.E.M. (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais)

Un outeiro que acaba sobre un precipicio. No outeiro unha árbore. Na árbore unha corda con lazada. Ao lonxe, de vez en cando, séntese o rumor dunha obra en construción.

Entra en escena ERNESTO, mozo duns trinta anos. Vén axustando o cinto do pantalón. Achégase á corda. Trata de meter a cabeza na lazada... pero non dá, quédalle alta. Mira arredor. Localiza un caldeiro de lata. Cólleo e lévao ao pé da árbore. Sobe ao caldeiro. Mete a cabeza na lazada. Está a piques de saltar do caldeiro para aforcarse. Niso séntese unha imperiosa voz desde fóra.

AMEDIO.— Quietos!

Entra en escena AMEDIO, entre os cincuenta e os sesenta anos. Trae unha escopeta de caza, das clásicas de canón paralelo mais non ten un especial aspecto de cazador, simplemente unha roupa cómoda para andar polo campo. Véselle pulcro, relavado...

AMEDIO.— (*Apuntando a ERNESTO.*) Baixa de aí agora mesmo ou sáltoche os miolos dun tiro!

ERNESTO.— (*Levantando as mans.*) Tranqui, tío, tranqui. E aparte iso. (*En vista de que AMEDIO non aparta a escopeta.*) Que aparte o rifle, hostia!

AMEDIO.– Non é un rifle, é unha escopeta.

ERNESTO.– É igual.

AMEDIO.– Non, non é igual. O rifle ten o canón estriado helicoidalmente, mentres que a escopeta... (*Achegándolle a escopeta aos ollos.*) Mira, míralle dentro do canón...

ERNESTO.– Quite, cágame en...!

AMEDIO.– Saca ti antes a corda do pescozo.

ERNESTO saca a corda do pescozo e baixa do caldeiro.

AMEDIO.– Que pensabas facer?

ERNESTO.– E a vostede que lle parece?

AMEDIO.– (*Corrixíndoo.*) E a ti que che parece?

ERNESTO.– A min?

AMEDIO.– Non, a min.

ERNESTO.– ...?

AMEDIO.– “A ti que che parece?”. Non, “a vostede, que lle parece?”

ERNESTO.– ...?

AMEDIO.– Que me podes tratar de ti.

ERNESTO.– Boh. Déixeme en paz.

ERNESTO retírase cara adiante coa vista perdida. Mentres AMEDIO examina a corda, especialmente o nó da lazada, o caldeiro...

AMEDIO.– E este caldeiro?

ERNESTO.– Que ten?

AMEDIO.– É estraño...

ERNESTO.– É normal. Un caldeiro normal... de
pintura...

AMEDIO.– Xa, pero onde estaba?

ERNESTO.– Aquí.

AMEDIO.– E como chegou até aquí?

ERNESTO.– Eu que sei, será das obras de aí abaixo...

AMEDIO.– Ah, claro, das obras.

ERNESTO.– Das obras, si.

AMEDIO.– Invádeno todo. (*Vendo o horizonte.*) Vaia
cadro que se vía antes desde aquí arriba! (*Cerra*

os ollos.) As varxas verdes, os valados de pedra miúda, o fumeigar das casiñas, o río serpenteando... Ahha! (*Abre os ollos e repara na corda*) E a corda, tamén estaba aquí?

ERNESTO.— Non, a corda tróuxena eu.

AMEDIO.— Ah... (*Logo de examinar o nó da corda un intre.*) Por que?

ERNESTO.— Porque nas árbores non hai cordas, non é como en Tarzán que xa...

AMEDIO.— Por que querías suicidarte?

ERNESTO.— (*Estrañado.*) Suicidarme?

AMEDIO.— Claro! É o que pretendías, non?

ERNESTO.— Home... dito así... “suicidarme”...

AMEDIO.— (*Irónico.*) Vale. Por que querías matarte?

ERNESTO.— E a vostede que hostia lle importa?

AMEDIO.— (*Logo dun tempinho de asimilación.*) Grazas, moi amábel pola túa parte.

ERNESTO.— De nada.

AMEDIO.— (*Como contraatacando.*) Pois perdoa que che diga pero este nó...

ERNESTO.– Que ten?

AMEDIO.– (*Corrixindo.*) Que non ten?

ERNESTO.– ...?

AMEDIO.– Non ten xeito ningún. É unha chapuza.
Non corre ben. O único que conseguirías é
mancarte. Ou morrer por accidente, e iso non
vale, amigo.

ERNESTO.– Por que me chama amigo?

AMEDIO.– É un falar. Ademais... somos amigos,
non?

ERNESTO.– Hostia, non vexo por que.

AMEDIO.– Home... salveiche a vida.

ERNESTO.– E quen llo pediu?

AMEDIO.– Ninguén. O que lle confire máis valor
ao meu acto: axudar sen que ninguén cho
pida. “*Motu proprio*”.

ERNESTO.– Como?

AMEDIO.– Por propia iniciativa. Eu podía tirar para
adiante, facer que non te vía. Para que meter-
me en conflitos?

ERNESTO.— Iso digo eu.

AMEDIO.— Pero metinme. E é raro en min. Así que merezo unha explicación...

ERNESTO.— Unha explicación?

AMEDIO.— (*Un pouco irado.*) Unha explicación, si, unha explicación!

ERNESTO.— Pois... (*Repara na escopeta.*) Tamén a merezo eu.

AMEDIO.— De quen?

ERNESTO.— Súa.

AMEDIO.— E que teño que explicarche eu a ti?

ERNESTO.— O do rifle, por exemplo...

AMEDIO.— Escopeta!

ERNESTO.— Vale, escopeta. Por que anda por aí cunha escopeta?

AMEDIO.— Porque... (*Apuntando ao chou coa escopeta.*) ... son un cazador.

ERNESTO.— Cazador? De que?

AMEDIO.— Do que caía.

ERNESTO.– Por aquí non hai caza.

AMEDIO.– (*Un tempiño.*) Certo. Xa non. (*Un tempiño.*) É pensar que antes isto era un monte vizoso en flora, fauna...

ERNESTO.– Hostia. Flora, fauna... (*Ri.*) É como un documental da dúas.

AMEDIO.– Plantas, animais. Caza menor. Sobre todo coellos.

ERNESTO.– Coellos?

AMEDIO.– Coellos, si.

ERNESTO .– Sería quen a matar un coello?

AMEDIO.– Depende. Se lle acerto á primeira, alí quietiño, mentres está comendo ou saíndo do tobo, si. Despois bota a correr aos brincos e entre que cargas de novo...

ERNESTO.– Pero ten dous canos...

AMEDIO.– Certo. Pero podo cargar un só... Meu pai facíao. (*Imitando a voz do pai.*) “Tutti hanno dritto ad una seconda opportunità: sia per ucidere, sia per morire”.

ERNESTO.– Que che chupe que?

AMEDIO.— “Todos teñen dereito a unha segunda oportunidade: para matar ou para morrer”.
(*Mostrando a escopeta.*) Unha Veretta! Meu pai era así: sempre o mellor. Valía unha fortuna daquela! Pero aquí a tes, cincuenta anos e coma nova. E terías que ver o son que ten ao disparar... Un trono! (*Apunta.*) Isto por aquí estaba inzado de coellos...

ERNESTO.— De coellos...

AMEDIO.— Falar contigo é como berrarlle aí ao precipicio. (*Berra cara ao público e imita o eco.*) “Merezo unha explicación”, “Unha explicación?”. “Son cazador”, “cazador?”. “Isto estaba inzado de coellos”, “Coellos”. Desde que empezaron coas obras da urbanización... non queda un. Se cadra é que non lles gustan os adosados. E a ti?

ERNESTO.— A min que?

AMEDIO.— Gústanche os adosados?

ERNESTO.— Os chalés adosados?

AMEDIO.— Non che digo. Si, os chalés adosados, os de aí abaixo.

ERNESTO.— (*Encóllese de ombros.*)

AMEDIO.— A min non. É como se o home só tivese dous puntos cardinais: (*Apuntando coa escopeta a cada punto que sinala.*) ou norte e sur, ou leste e oeste. Meu pai tiráballes á carreira.

ERNESTO.— A quen?

AMEDIO.— Aos coellos. (*Apuntando a un sitio fixo no público.*) Eu á espera... escondíame detrás dunha árbore e cando vía algún... (*Deixa de apuntarlle ao público.*) Isto estaba cheo de árbores.

ERNESTO.— É vostede de aquí?

AMEDIO.— Digamos que si. Eu gusto das árbores...

ERNESTO.— Ah.

AMEDIO.— ...pero non sei se me gustaría ser árbore.
A ti si?

ERNESTO.— A min si, que?

AMEDIO.— Se che gustaría ser árbore!?

ERNESTO.— Pero... que carallo de preguntas...?!!

AMEDIO.— Di si ou non. Ao chou. Por xogar...

ERNESTO.— Por xogar?

AMEDIO.– E dálle co eco. Por xogar. Non che gusta xogar?

ERNESTO.– Xogar...

AMEDIO.– Ahhhhhhh!

ERNESTO.– Por que non?

AMEDIO.– Pois veña!

ERNESTO.– Vale, vale. Gustaríame ser árbore...
Está contento?

AMEDIO.– Quen ten que estalo es ti.

ERNESTO.– A min tanto me ten.

AMEDIO.– Mmmmh... por algo sería que dixeches que si. As árbores... sempre no mesmo sitio, ben achantadas na terra, a vida a pasar por elas, elas tranquilas...

ERNESTO.– Non soa mal.

AMEDIO.– Por aquí había ben delas. Aí para abaixo, na banda do río, amieiros, salgueiros... Aquí arriba de todo un pouco: loureiros, acacias, cerquiños, sabugueiros, algún carballo. Este deixárono para mostra do que isto foi outrora. E para algunha necesidade: un can, un raio nunha tronada, un suicida...

ERNESTO mira para AMEDIO, que está de pé. Séntese o ruído das obras. De súpeto cégao o sol. AMEDIO mira tamén para o sol, saca unhas gafas, límpaas moi ben limpiñas e ponas.

AMEDIO.— Por que querías suicidarte?

ERNESTO.— E vostede por que hostia pon esas gafas?

AMEDIO.— (*Estrañado pola pregunta.*) Porque vai sol. Son gafas de sol.

ERNESTO.— Moléstalle?

AMEDIO.— O sol?

ERNESTO.— O sol.

AMEDIO.— É evidente. Tantos meses sen verlle a cara que así de súpeto...

ERNESTO.— Por iso pon gafas...

AMEDIO.— Claro.

AMEDIO non entende o interese de ERNESTO polas gafas. Despois dun tempinho

AMEDIO.— Por que?

ERNESTO.— Por que, qué?

AMEDIO acena para a forca. ERNESTO encóllese de ombros.

AMEDIO.— Mal de amores?

ERNESTO non contesta.

AMEDIO.— A todo o mundo lle pasa pola cabeza suicidarse por mal de amores algunha vez. Pensar no bonito que pode ser cando te topen. E a culpabilidade que sentirá o ser querido...

ERNESTO.— (*Burlón.*) O ser querido!

AMEDIO.— A moza, o mozo.... E despois no enterro... alí todos... e ti de protagonista. Finalmente iso é o que buscamos sempre, non?: protagonismo. Que reparen en nós. O problema é que tamén queres estar de espectador. Si, miralo todo por un buraquiño... E na morte todo está tan escuro... Iso é o que te bota para atrás. Que na morte non se ve nada. Nada de nada.

ERNESTO.— E vostede que sabe.

AMEDIO.— Non... non sei, claro que non sei. E o que non sabe é como o que non ve, sempre se dixo. Que cor dirías ti que ten a morte?

ERNESTO.— (*De mala maneira acena que non sabe.*)

AMEDIO.— Di unha cor calquera. A primeira que che veña á cabeza.

ERNESTO.— Bah, eu que sei! Déixeme en paz con esa merda de preguntas!

AMEDIO.— Veña, a ti que máis che ten, di unha cor calquera. Por xogar.

ERNESTO.— (*Perde a paciencia. Mira para o ceo.*)
Azul.

AMEDIO.— Ala, animal!

ERNESTO.— (*Queixándose para si.*) Manda carallo, díxome que...

AMEDIO.— (*Repara en que se foi o sol e quita as gafas.*)
Vaia, foise o sol. Leva así toda a mañá. (*Mirando para o ceo.*) Gris. A morte pode ser gris.

ERNESTO.— Arre hostia, iso tamén o dicía eu...

AMEDIO.— Pero non o dixeches.

ERNESTO.— Hostia, claro, gris, negro, morado e tal...

AMEDIO.— Tampouco te fíes demasiado.

ERNESTO.— (*Perdendo un pouco a paciencia.*) Bah, eu nin fío nin deixo de...

AMEDIO.— (*Cortándoo.*) É a vantaxe que teñen os crentes. Eles saben. Ti cres?

ERNESTO.— (*Desconcertado.*) Non. Creo que non.

AMEDIO.— Eu creo que tampouco. Miña nai cría. Así morreu: tranquila, serea... Noventa e oito anos! Foi apagándose, apagándose, apagándose... A vida non é gran cousa, pero polo menos hai luz... Ás veces demasiada, tanta que cega... e entón é un pouco como a morte... pero esperas un tempinho e... mal que ben... aínda que sexa ás tentas, tiras para adiante. Por iso que eu... o de irse da vida... Por que? É como cando estás na casa dun amigo e de súpeto dis: voume. Vaste por algo. Porque xa non pintas nada alí, porque se che fixo tarde, porque quedaches con alguén... Por certo... (*Saca un reloxo de peto e mírao.*) Tes hora?

Estrañado que lle pregunte a hora, tendo un reloxo na man, ERNESTO faille un aceno.

AMEDIO.— Está parado. Pásalle de vez en cando.

ERNESTO *saca un móbil dun peto e mira a hora.*

ERNESTO.— As doce e vinte.

AMEDIO.— (*Decatándose.*) É certo. (*Sacando el tamén un móbil.*) Eu tamén teño un. Para andar polo monte. Nunca se sabe. Pero non acabo de afacerme a iso de que tamén ten reloxo. As cousas son para o que son. (*Mostrando o teléfono.*) Teléfono: para falar. (*Mostrando o reloxo.*) Reloxo, para ver a hora. Non che parece?

ERNESTO.— (*Encóllese de ombros.*)

AMEDIO.— (*Dándolle corda ao reloxo.*) Era de meu pai. Para sempre na mesma hora: na que morreu il Duce.

ERNESTO.— Quen?

AMEDIO.— Benito Mussolini.

ERNESTO.— O dos tempos de Hitler?

AMEDIO.— “Vero”.

ERNESTO.— Hostia, xa leva chovido!

AMEDIO.— Un pouco, si.